

## Concello de Viveiro

### **BASES ESPECÍFICAS PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAL LABORAL PARA PRESTAR SERVICIOS NO CONCELLO DE VIVEIRO AO AMPARO DO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO SUBSCRITO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E A ENTIDADE LOCAL DE VIVEIRO PARA A PARTICIPACIÓN NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DURANTE O ANO 2022 COFINANCIADO PARCIALMENTE CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) NO MARCO DO PDR DE GALICIA 2014-2020 .**

#### **1.-OBXETO DA CONTRATACION**

Por parte do concello de Viveiro vaise proceder á contratación de 5 traballadores para a realización de obras e de prestación de servizos de competencia municipal.

A totalidade dos contratos encádranse no Convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Viveiro para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais 2022. A presente convocatoria ten por obxecto a selección de 5 traballadores, mediante o sistema de concurso, segundo as bases xerais polas que se establecen as normas para a selección do persoal mediante contratación temporal vinculada ao convenio.

#### **2.- CARACTERÍSTICAS DAS CONTRATACIÓNS**

##### **A.- XEFE DE BRIGADA**

###### **Praza a convocar 1 xefe de brigada**

Duración do contrato: 3 meses.

Tipo de contrato: contrato laboral de duración determinada vinculados a programas financiados con fondos europeos-Disposición Adicional quinta do Real Decreto-Lei 32/2021 (Modelo 406).

Grupo C1.

Xornada de traballo: traballo a quendas, incluídos sábados, domingos e festivos.

Para seren admitidos na convocatoria os aspirantes ademais dos requisitos establecidos nas bases xerais deberá estar en posesión da seguinte titulación:

Enxeñeiro de Montes, Enxeñeiro Técnico forestal, técnico superior en xestión e organización de recursos naturais e paisaxísticos, técnico en traballos forestais e conservación do medio natural, técnico en emerxencias e protección civil ou formación profesional equivalente.

Nivel de coñecemento do idioma galego: Celga 4.

##### **B.- Peón conductor**

###### **Praza a convocar 1 peón conductor**

Duración do contrato: 3 meses.

Tipo de contrato: contrato laboral de duración determinada vinculados a programas financiados con fondos europeos-Disposición Adicional quinta do Real Decreto-Lei 32/2021 (Modelo 406).

Grupo Agrupación Profesional.

Xornada de traballo: traballo a quendas, incluídos sábados, domingos e festivos.

Non se require titulación segundo a Disposición adicional sexta do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e artigo 43 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.

Para seren admitidos na convocatoria os aspirantes deberán ter os requisitos establecidos nas bases xerais.

Nivel de coñecemento do idioma galego: Celga 1.

##### **C.- Peóns**

###### **Prazas a convocar 3 peóns**





## Concello de Viveiro

---

Duración do contrato: 3 meses.

Tipo de contrato: contrato laboral de duración determinada vinculados a programas financiados con fondos europeos-Disposición Adicional quinta do Real Decreto-Lei 32/2021 (Modelo 406).

Grupo agrupación profesional.

Xornada de traballo: traballo a quendas, incluídos sábados, domingos e festivos.

Non se require titulación segundo a Disposición adicional sexta do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e artigo 43 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.

Para seren admitidos na convocatoria os aspirantes deberán ter os requisitos establecidos nas bases xerais.

Nivel de coñecemento do idioma galego: Celga 1.

### 3.- REQUISITOS DOS SOLICITANTES

Os establecidos con carácter xeral nas bases xerais coa titulación esixida para cada posto.

Os/as aspirantes seleccionados deberán realizar previamente á súa contratación un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo para garantir as súas condicións de saúde para o traballo a realizar.

De non superar o recoñecemento médico e a proba física de esforzo, se decretará ao aspirante decaído do seu dereito á contratación.

Os aspirantes deberán realizar un curso obrigatorio de formación sobre a prevención e defensa contra os incendios forestais, en caso de non superar dito curso o aspirante quedará decaído do seu dereito á contratación. Viveiro, á data que consta á marxe

A ALCALDESA

María Loureiro García

**(Documento asinado dixitalmente a marxe)**



Cod. Validación: 5LAMSJA92E7QTDJR967AKSTDZNI | Corrección: <https://viveiro.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2